

Vázquez Pintor en Cangas



MIGUEL ANXO
FERNÁN
VELLO

***O poeta e narrador
Xosé Vázquez Pintor
é tamén un "mestre"
do compromiso
cívico-literario***

Poucas veces ten asistido este cronista a un acto con tanta concentración de fraternidade e cordialidade xuntas, ben entramadas ambas coas fibras da emoción, como o vivido estoutro día en Cangas arredor do poeta, ensaísta e novelista Xosé Vázquez Pintor. O pleno do Concello de Cangas, por unanimidade, acordou dedicarlle unha rúa da vila do Morrazo ao escritor –puro acto de “xustiza cívica e poética”– e a alcaldesa de Cangas, Clara Millán; a concelleira de Cultura, Mercedes Giráldez, e a alcalde-

sa de Melide, Socorro Cea –Pintor é melidense de nación–, presidiron, entre outras autoridades, un acto no que unha multitude de veciños e amigos abrazaron a figura querida do escritor e do profesor que fixo de Cangas o seu centro vital e profesional, e literario, por excelencia. Vai cumprir o amigo Xosé Vázquez Pintor 40 anos de frutífera vida literaria, de vizosa traxectoria no mundo das letras galegas, dende aquel libro inicial de poemas, *Gándaras* (1971), a *Para dicir abril* (2008) ou *Máis vidas* (2009), obras estas últi-

mas no xénero narrativo –Premio Vicente Risco de Creación Literaria, a primeira– que o sitúan nun lugar preferente no conxunto da literatura contemporánea de noso. Eu estou plenamente de acordo con Xosé Manuel Eyré, un dos críticos literarios máis lúcidos da hora presente, cando di que hai en Vázquez Pintor unha “desmesura de caudal literario” e que sabe o autor aplicar nos seus últimos textos unha “fórmula narrativa infrecuente, anovadora, literariamente destemida e propia”. Palabras xustas. Mais Vázquez Pin-

tor, ademais de ser un extraordinario poeta e narrador, é tamén un “mestre” do compromiso cívico-literario. Do mesmo xeito que Pessoa (“A minha pátria é a língua portuguesa”), Francisco Ayala (“La patria del escritor es su lengua”) e Uxío Novoneyra, creador do concepto “Patria-Lingua”, Xosé Vázquez Pintor cultiva o compromiso patriótico profundo coa lingua milenaria e propia da súa nación, e niso o literato melidense-cangués deunos e danos leccións éticas e estéticas a todos. ●